



RESGAL

CAMPAÑA
RESGAL

02-03-2017




00 RESGAL e tecnoloxía

01 Explotación

02 Vantaxes da Rede

03 Números na actualidade

04 Modos de adhesión



A Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia xurde co obxectivo de **mellorar a coordinación nas emerxencias en Galicia.**



REDE PÚBLICA RESGAL

- ▷ Por primeira vez Galicia, conta cunha **Rede Pública** propia de comunicacións móbiles específica para emerxencias e seguridade.
- ▷ Denomínase **Rede Corporativa de Comunicacións Móbiles Dixitais de Emerxencia e Seguridade de Galicia** baseada en tecnoloxía **TETRA** (en adiante **RESGAL**).

EMPRÉGASE TECNOLOXÍA TETRA

- ▷ **TETRA (TERrestrial TRunked RADIO)** é un estándar elaborado polo ETSI (European Telecommunications Standards Institute) que tras reunir propostas de operadores de redes, administracións gobernamentais, fabricantes de equipamento e usuarios de servizos móbiles, estableceuna como unha norma aberta para as comunicacións móbiles dixitais troncais, deseñándoa especificamente para sistemas de comunicación vía radio nos que os requisitos prioritarios son a seguridade e a dispoñibilidade do servizo.

TECNOLOXÍA RECOMENDADA POLA ETSI PARA ESTE TIPO DE COMUNICACIÓNS

- ▷ Trátase da **tecnoloxía máis punteira para este tipo de comunicacións** vinculadas á seguridade pública e recomendada a nivel europeo.
- ▷ **Garante a interconexión segura, fiable e altos niveis de dispoñibilidade** das comunicacións, incluso **en situacións** extremas ou **de saturación** (doutras redes).



UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA

REDE RESGAL

_Explotación

A Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia garante a interconexión segura, fiable e altos niveis de dispoñibilidade, incluso en saturación doutras redes.



FACILITA A
COORDINACIÓN
DE TÓDOLOS
AXENTES
PARTICIPANTES
NUNHA
EMERXENCIA

GARANTE UNHA
INTERCONEXIÓN
SEGURA, FIABLE E
ALTOS NIVEIS DE
DISPOÑIBILIDADE
DAS
COMUNICACIÓNS
INCLUSO EN
SATURACIÓN
DOUTRAS REDES.

- ▷ **Autorizouse o uso da RESGAL por parte de organismos públicos con competencia en materia de seguridade e emerxencias que non formen parte da Xunta de Galicia ou do sector público autonómico.**
- ▷ A xestión e mantemento da **RESGAL** corresponderá á AMTEGA, a través da empresa pública Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
- ▷ Está a ser empregada **dende mediados de 2015** polos organismos dependentes da Xunta de Galicia con competencias en materia de seguridade e emerxencias, **116 Concellos de Galicia e os Consorcios de Bombeiros**. Así mesmo, tamén poderán empregala as empresas denominadas **SEVESO**.
- ▷ **RESGAL permite integrar, por primeira vez, nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan na resolución da emerxencias.** Unha rede única para facilitar unha intervención máis efectiva e eficaz dos efectivos implicados e simplificar as tarefas de coordinación entre eles.



UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA

_Vantaxes da Rede



A Rede conta con **servizos avanzados** que a converten na **referencia máis moderna de España**.

FIABILIDADE
INCLUSO EN
SITUACIÓNS
EXTREMAS OU
DE SATURACIÓN

- ▷ Ofrece servizos de voz e datos de alta calidade, e a súa principal vantaxe é que **garante en todo momento a comunicación entre todos os organismos**, evitando situacións de conxestión, saturación, colapso, etc., tan habituais nas redes de telefonía móbil convencional en situacións de grande aglomeración de persoas ou en situacións de emerxencias, permitindo **intercomunicacións inmediatas** entre os distintos operativos de emerxencias de Galicia, e unha **coordinación moito máis áxil e efectiva** en situacións nas que, pola natureza da urxencia, o tempo é un factor de máxima importancia.

MULTIPLICA
POR 5 A
VELOCIDADE
DE DATOS
CON
RESPECTO AS
REDES DE
EMERXENCIA
HABITUAIS

- ▷ Ademais, a diferenza dos sistemas convencionais, permite realizar **chamadas en grupo**, tanto dentro dunha mesma organización, como entre dispositivos de distintas organizacións que nun momento dado poidan estar traballando conxuntamente nunha mesma **emerxencia incluso coa integración cos sistemas de telefonía fixa e móbil**.
- ▷ Tamén posibilita a **xeolocalización vía GPS** en tempo real da posición de todos os dispositivos de emerxencia e permite a **consulta de bases de datos, a gravación de conversas e o encriptado das comunicacións**, garantindo a súa confidencialidade.

PERMITE O
ENCRYPTADO DAS
COMUNICACIÓNS,
XEOLocalización
, ...

- ▷ Dispón de dúas plataformas API (producción e pre-producción) para desenvolvemento de aplicacións, **facilitando ás entidades usuarias este servizo na Rede**.
- ▷ **Multiplícase por 5 a velocidade de transmisión de datos** con respecto as redes de emerxencia convencional.



_Números na actualidade



Hoxe Galicia conta cunha **rede propia de emerxencias** que **posibilita a integración nun mesmo sistema** a todos os colectivos que participan nas emerxencias.

SERVIZO A
MÁIS DE
5.000
USUARIOS

- ▷ Operativa xa en todo o territorio cunha cobertura **superior ao 90 % do territorio e superior ao 96,5 % da poboación** (en cobertura móbil) garante un alto grao de cobertura:

- ▷ Nas principais zonas urbanas (>1.000 hab.)

- ▷ Nas principais vías de comunicación, en portos, aeroportos etc.

- ▷ En zonas industriais de especial risco e zonas rurais.

DENDE MEDIADOS DE
2015 ESTÁ A SER
EMPREGADA POLOS
ORGANISMOS
DEPENDENTES DA
XUNTA DE GALICIA, E
EN 2016
ENGADÍRONSE 116
CONCELLOS E OS
CONSORCIOS DE
BOMBEIROS

- ▷ A Rede **RESGAL** despregada conta con **101 estacións** radio base (ERB), **4 repetidores** e conta ademais con **dúas estacións base transportables** para un despregamento rápido de cobertura en zona de sombra ou ante un evento determinado, que garanten unha cobertura universal.

- ▷ O **orçamento total de investimento** na RESGAL **ascende a 9,3M €** na creación e ampliación de cobertura da rede e supera os **3,6M € na adquisición de máis de 5.300 terminais**.

AUTORIZACIÓN
A EMPRESAS
SEVESO

- ▷ Os principais usuarios da **RESGAL** son **AXEGA/112, UPA, 061 e o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF)**. Por outra banda a DX de Emerxencias e Interior (DXEI) e a AXEGA teñen cedidos máis de **500 terminais a 116 concellos** para os seus servizos de emerxencias (policía local, protección civil, bombeiros, etc.) e máis de **300 terminais aos Consorcios de bombeiros**.

ORZAMENTO
PÚBLICO
SUPERIOR
AOS 12,9M €

- ▷ Xestionada polo **operador público Retegal**, aproveita infraestruturas existentes, o **que permite un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos** respecto ao uso de redes comerciais.



UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA



Existen diferentes modos de adhesión á Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de Emerxencia e Seguridade de GALicia.

XESTIÓN
AUTÓNOMA OU
CESIÓN DE
TERMINAIS POR
PARTE DA
ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA

FACILIDADES
PARA AS
DIFERENTES
POSIBLES
ADHESIÓN

- ▷ A Xunta de Galicia pon a Rede Dixital de Emerxencias á disposición dos restantes concellos aínda non adheridos, entidades públicas da Comunidade e empresas privadas (SEVESO) que precisen coordinarse cos servizos públicos de emerxencias.
- ▷ **Existen dous modos de Adhesión:**
 - ▷ **Opción A: Xestión autónoma** da compra por parte da entidade, que asumirá:
 - ▷ Compra do/s terminal/terminais.
 - ▷ Mantemento, programación e xestión operativa.
 - ▷ Soporte para xestión operativa interna e resolución de dúbidas relacionadas cos terminais.
 - ▷ Reparación de avarías.
 - ▷ **Opción B: Compra e cesión dos terminais por parte da Xunta de Galicia**, e xestión de RETEGAL que asumirá:
 - ▷ Mantemento, programación e xestión operativa de terminais.
 - ▷ Soporte para a xestión operativa interna e resolución de dúbidas relacionadas cos terminais.
 - ▷ Xestión da reparación de avarías.
 - ▷ Esta compra está condicionada á adecuación da solicitude, existencia de orzamento suficiente e existencia de demanda consolidada.



UNIÓN EUROPEA